MARTES 10 MARZO 2020 • ANO VII – Nº 218 • Correo – liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# 1.Líder BASKET




# CAMPIÓNS PROVINCIAIS

**O Ría de Ribadeo infantil masculino xa reina na Provincia de Lugo.** Os de Jose Vázquez alzáronse co título tras unha disputada competición na que lle gañaron a partida no sprint final a Sagrado Corazón e Franciscanos, que acompañarán aos mariñaos na segunda fase na que buscarán o ascenso á Liga Galega ante tres clubs ferroláns

LIGA GALEGA CADETE



## O próximo derbi capitalino deixará un líder lucense en solitario

Estudiantes e Ensino vólvense ver as caras. Nesta ocasión na segunda fase, na que comparten grupo e na que, tras dúas xornadas, ambos firman pleno de vitorias. O sábado a partir das 20:00 horas no Anexo disputarán un duelo directo polo liderado en solitario. Nos precedentes desta tempada, cada equipo gañou un dos dous derbis que se disputaron

COPA RAIÑA 2020



## O Ensino estivo presente por segunda tempada consecutiva na Minicopa

O Durán Maquinaria volveu representar ao basket galego na festa do baloncesto feminino que este ano citou aos oito mellores conxuntos da Liga Endesa en Salamanca. O combinado que representou ao Ensino, formado por xogadoras de distintos equipos e puntos da Autonomía, foi de menos a máis tras perder os dous primeiros partidos e gañar os dous últimos

# Rosalía pega primeiro, pero Estudiantes segue en pé

## OS COMPOSTELÁNS SERÁN SEGUNDOS, cabezas de serie e anfitrións nos playoff, cita na que os celestes terán a revancha


O celeste Lucas nun encontro disputado no Anexo

| ROSALÍA 81 | | ESTUDIANTES 73 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Santiago | | Carlos | |
| Valenzuela | | Mikel | |
| Souto | | Anxo | |
| Cayado | | Álvaro | |
| Golpe | | Dani | |
| Mallou | | Cabe | |
| Gómez | | Lucas | |
| Álvarez | | Pedro | |
| Mallou I. | | Pape | |
| Rodríguez | | Modou | |

Estudiantes viaxou a Santiago para medirse con Rosalía nun duelo directo polo segundo posto que se quedaron os composteláns e co que serán cabezas de serie e anfitrións nos play off da Liga Galega júnior masculina.

Estudiantes perdeu, pero sacou lecturas positivas de cara ao segundo round no que non haberá segundas oportunidades.

O primeiro cuarto de hora é a liña a seguir, na que Estudiantes reaccionou a un a gran posta en escena de Rosalía para tomar as rendas do partido e do marcador ao final do primeiro cuarto, 17-22 mantendo a boa dinámica ao comezo do segundo no que Estudiantes chegou a mandar por 12 puntos no electrónico. Con todo, Rosalía, cun gran acerto desde a liña de tres puntos, reaccionou e chegou ao descanso con máis tres, 45-42.

O terceiro periodo foi un intercambio constante de golpes entre dous dos mellores equipos de Galicia júnior masculinos, 23-21, e chegouse con todo por decidir dous últimos dez minutos nos que as porcentaxes de acerto foron máis baixas no tiro, 13-10, e Peleteiro levouse un duelo que puido gañar calquera dos dous e que deixa aberta a revancha de cara aos play off.

> **“TENEMOS QUE CONSEGUIR ESTAR MEJOR DEFENSIVAMENTE EN ESTE TIPO DE PARTIDOS”**
> PABLO ABUÍN - Estudiantes


O ensinista Eloy coa pelota nun encontro desta tempada

# Obradoiro Peleteiro xa é o campión Galego júnior

## TRAS IMPOÑERSE A ENSINO, os composteláns alzáronse co título de Liga a falta de tres xornadas

| OBRADOIRO 94 | | ENSINO LUGO 62 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Pérez | | Eloy | |
| Rodríguez | | Mario | |
| Moure | | Antón Real | |
| Pérez | | Cristian | |
| Taboada | | Hugo Rey | |
| González | | Sergio | |
| Otsoa | | Jorge | |
| Gómez | | Olloqui | |
| Iglesias | | Dani López | |
| | | Seny | |
| | | Tschunza | |

O Ensino foi o invitado de honra na festa de celebración do título de Liga júnior masculina do mellor equipo de Galicia, que revalidou título e engadiu este ao de Copa Galicia conseguido a principios de tempada.

Ensino viaxou a Santiago sen complexos e competiu os catro cuartos, empezando o encontro con intensidade pero sen porcentaxes altas de acerto no tiro, os que si que tivo Obradoiro para tomar o mando no marcador, 26-20.

A distancia amplíouse no segundo ata chegar con 47-32 ao descanso, mentres que no terceiro o Campión Galego sentenciou o partido cun novo parcial de 24-13. No último Ensino tirou de orgullo, pero sen acerto no tiro para terminar cedendo cun derradeiro parcial de 23-17.

> **“NECESITAMOS MEJORAR EN ALGUNAS COSAS Y TRABAJAR OTRAS PARA LLEGAR BIEN A FINAL DE TEMPORADA”**
> ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

## CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

### JUNIOR 1º DIV. FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Celta | 37-100 |
| C. Mariano – Carmelitas | 52-32 |
| Peleteiro – Rosalia | 50-55 |
| C. María – Estudiantes | 45-74 |
| Bosco – Durán Ensino | 37-70 |
| Cortegada – C. Artabra | 62-55 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CELTA ZORKA | 19 | 18 | 1 | 0 | 1454 | 851 |
| PELETEIRO | 19 | 16 | 3 | 0 | 1146 | 890 |
| ROSALIA | 19 | 15 | 4 | 0 | 1317 | 992 |
| **ENSINO** | **19** | **14** | **5** | **0** | **1272** | **939** |
| **ESTUDIANTES** | **19** | **14** | **5** | **0** | **1343** | **981** |
| C. MARIANO | 19 | 13 | 6 | 0 | 1073 | 983 |
| COMPAÑIA MARIA | 19 | 6 | 13 | 0 | 854 | 1044 |
| SALESIANOS | 18 | 6 | 12 | 0 | 880 | 1017 |
| B. CORUÑA | 19 | 4 | 15 | 0 | 950 | 1264 |
| CARMELITAS | 18 | 4 | 14 | 0 | 673 | 1014 |
| CORTEGADA | 19 | 2 | 17 | 0 | 832 | 1214 |
| COSTA ARTABRA | 19 | 1 | 18 | 0 | 839 | 1444 |

PRÓXIMA XORNADA

Cortegada - B. Coruña
C. Artabra - Bosco
Durán Ensino - C. María
Rosalía - C. Mariano
Carmelitas - Celta
Estudiantes - Peleteiro

### JUNIOR 1º DIV. MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Bosco | 66-51 |
| C. Ourense – CB Tui | 61-78 |
| Obradoiro – Durán Ensino | 94-62 |
| B. Ferrol – Blanco Amor | 70-59 |
| CB Allariz – Sigaltec | 65-96 |
| Rosalia – Estudiantes | 81-73 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 19 | 19 | 0 | 0 | 1583 | 922 |
| ROSALIA CASTRO | 19 | 16 | 3 | 0 | 1420 | 1160 |
| **ESTUDIANTES** | **19** | **15** | **4** | **0** | **1449** | **1264** |
| **DURÁN ENSINO** | **19** | **13** | **6** | **0** | **1343** | **1165** |
| C.B. TUI | 19 | 11 | 8 | 0 | 1418 | 1424 |
| SIGALTEC | 18 | 8 | 10 | 0 | 1240 | 1257 |
| BASKET FERROL | 18 | 7 | 11 | 0 | 1140 | 1278 |
| BLANCO AMOR | 19 | 6 | 13 | 0 | 1186 | 1321 |
| CB ALLARIZ | 19 | 6 | 13 | 0 | 1259 | 1436 |
| KFC CULLEREDO | 19 | 5 | 14 | 0 | 1077 | 1313 |
| BOSCO | 19 | 4 | 15 | 0 | 1077 | 1369 |
| CLUB OURENSE | 19 | 3 | 16 | 0 | 1110 | 1393 |

PRÓXIMA XORNADA

Rosalia - Culleredo
Estudiantes - CB Allariz
Sigaltec - B. Ferrol
Blanco Amor - Obradoiro
Durán Ensino - C. Ourense
CB Tui - Bosco

### CADETE 1º FEMININO 2ª FASE A1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Bosco | 34-73 |
| Cortegada – C. Ensino | 46-51 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO | 2 | 2 | 0 | 0 | 137 | 76 |
| PELETEIRO | 2 | 1 | 1 | 0 | 125 | 130 |
| **CANDELAS ENSINO** | **2** | **1** | **1** | **0** | **93** | **110** |
| CORTEGADA | 2 | 0 | 2 | 0 | 103 | 142 |

PRÓXIMA XORNADA

Candelas Ensino - Peleteiro
Bosco - Cortegada

### CADETE 1º MASCULINO 2ª FASE A1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Ensino Lugo | 61-77 |
| Estudiantes – Seis Nadal | 90-60 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **2** | **2** | **0** | **0** | **149** | **116** |
| **ENSINO LUGO** | **2** | **2** | **0** | **0** | **142** | **114** |
| PELETEIRO | 2 | 0 | 2 | 0 | 117 | 136 |
| SEIS DO NADAL | 2 | 0 | 2 | 0 | 113 | 155 |

PRÓXIMA XORNADA

Seis Nadal - Peleteiro
Ensino Lugo - Estudiantes

### CADETE 1º MASCULINO 2ª FASE B2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Tui – C. Artabra | 76-61 |
| Ría Ribadeo – Novobasket | 65-69 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| NOVOBASKET | 2 | 2 | 0 | 0 | 142 | 118 |
| **CB RÍA DE RIBADEO** | **2** | **1** | **1** | **0** | **146** | **137** |
| C.B. TUI MASCATO | 2 | 1 | 1 | 0 | 144 | 142 |
| COSTA ARTABRA | 2 | 0 | 2 | 0 | 114 | 149 |

PRÓXIMA XORNADA

Novobasket - CB Tui
C. Artabra - Ría Ribadeo

### CADETE 1º FEMININO 2ª FASE A2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Celta – Estudiantes | 67-53 |
| Maristas C. – PBB A | Apr. |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CELTA RECALVI | 2 | 2 | 0 | 0 | 152 | 90 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **120** | **128** |
| PBB A | 1 | 0 | 1 | 0 | 61 | 67 |
| MARISTAS CORUÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 37 | 85 |

PRÓXIMA XORNADA

Celta - PBB A
Maristas Coruña - Estudiantes

### CADETE 1º MASCULINO 2ª FASE A2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – San Ciprián | 76-51 |
| Obradoiro – Rosalia | 86-45 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 2 | 2 | 0 | 0 | 171 | 102 |
| BASKET FERROL | 2 | 1 | 1 | 0 | 133 | 136 |
| ROSALIA | 2 | 1 | 1 | 0 | 113 | 135 |
| **SAN CIPRIAN** | **2** | **0** | **2** | **0** | **100** | **144** |

PRÓXIMA XORNADA

Rosalia - B. Ferrol
San Ciprian - Obradoiro

### PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Los Rosales – Esclavas | 42-67 |
| Baxi Ferrol – B. Coruña | 44-48 |
| C. Artabra – M. Burela | 52-55 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| COSTA ARTABRA | 12 | 9 | 3 | 0 | 699 | 473 |
| **ESTUDIANTES** | **12** | **9** | **3** | **0** | **665** | **441** |
| **MARIÑA BURELA** | **12** | **9** | **3** | **0** | **758** | **568** |
| BASQUET CORUÑA | 12 | 8 | 4 | 0 | 614 | 401 |
| BAXI FERROL | 12 | 5 | 7 | 0 | 595 | 465 |
| ESCLAVAS | 12 | 2 | 10 | 0 | 188 | 660 |
| BV LOS ROSALES | 12 | 0 | 12 | 0 | 213 | 724 |

FINALIZADA A 1ª FASE

### INFANTIL 1º FEMININO 2ª FASE A1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalia – CB Allariz | --- |
| C. Mariano – Estudiantes | --- |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| ROSALIA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| CB ALLARIZ | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| C. MARIANO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

Rosalia - Estudiantes
CB Allariz - C. Mariano

### INFANTIL 1º FEMININO 2ª FASE A2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Carmelitas – Junquera | --- |
| Celta – Mariña Burela | --- |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **M. BURELA** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| CARMELITAS | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| CELTA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| JUNQUERA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

Carmelitas - Mariña Burela
Junquera - Celta

### INFANTIL 1º MASC. 2ª FASE A1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – Estudiantes | --- |
| Blanco Amor – Peleteiro | --- |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| OBRADOIRO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| BLANCO AMOR | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| PELETEIRO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

PRÓXIMA XORNADA

Obradoiro - Peleteiro
Estudiantes - Blanco Amor




### PRE-INFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Maristas C. | 58-30 |
| B. Coruña – Estudiantes | 91-40 |
| T. Molina – B. Ferrol | 37-62 |
| C. Artabra – Celtas | 74-75 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 14 | 12 | 2 | 0 | 973 | 651 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 12 | 2 | 0 | 991 | 702 |
| **CELTAS** | **14** | **11** | **3** | **0** | **981** | **785** |
| TIRSO DE MOLINA | 14 | 9 | 5 | 0 | 909 | 759 |
| COSTA ARTABRA | 14 | 5 | 9 | 0 | 869 | 950 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **4** | **10** | **0** | **848** | **935** |
| KFC CULLEREDO | 14 | 3 | 11 | 0 | 748 | 991 |
| MARISTAS CORUÑA | 14 | 0 | 14 | 0 | 406 | 952 |

FINALIZADA A 1ª FASE



# Máxima esixencia no sprint final

**ESTUDIANTES ESTÁ EN POSTOS DE PLAYOFF A FALTA DE TRES XORNADAS,** pero nas últimas citas mídese a Peleteiro, segundo clasificado, Colegio Mariano, máximo rival, e Celta, virtual campión



Laura Fernández trata de frear un contraataque



A cadete Marta Fernández tras gañar un duelo

| ESTUDIANTES 73 Xogadora | PTS. | B. CORUÑA 54 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Carla | | Figueroa | |
| María | | Herrero | |
| Sabela | | Fernández | |
| Yashina | | Valenzuela | |
| Marta | | Astorga | |
| Silvia | | Varela | |
| Claudia | | Orosa | |
| Cristina | | Aregibay | |
| Nuria | | Carballal | |
| Laura | | López | |

Estudiantes puxo orde ás súas contas na clasificación tras poñerse ao día cunha nova vitoria, neste caso ante Basquet Coruña no último encontro pendente das celestes. Un triunfo que deixa ás de Fernán Varela en postos de play off, pero si o último mes foi esixente, as tres últimas xornadas están catalogadas como cotas fóra de categoría.

Estudiantes chega ao sprint final cunha vitoria máis que Colegio Mariano, ao que aínda debe enfrontarse, pero antes farao con Peleterio, segundo clasificado, en Santiago, e pechará a Liga Regular ante un Celta virtualmente campión de Liga.

**"MUY SATISFECHO CON EL TRABAJO Y CON LA SERIEDAD DEL EQUIPO EN UN PARTIDO DIFÍCIL DE JUGAR, PERO QUE SACAMOS ADELANTE"**

**FERNÁN VARELA** - Estudiantes

O monumento ás celestes si saen airosas do tramo final de Liga, xa está encargado, xa que seguen facendo méritos para recibilo ata quedándose fóra dos playoff.

Ante Básket Coruña o partido presentábase trampa tralo encontro de ida, no que Estudiantes tivo todo o acerto que lles faltou ás herculinas. Lonxe de relaxarse, as celestes afrontaron o partido con intensidade e co paso dos minutos foron tomando e ampliando a vantaxe no marcador grazas ao dominio no rebote en ambas pinturas para chegar ao final do encontro con comodidade e coa sensación de que era momento de calma antes da tempestade.



A celeste Maria Corredoira adentrándose na pintura



Claudia Corujo trata de superar a presión rival

# O Ensino xa activou o modo playoff na súa maquinaria

**COA INTENSIDADE POR BANDEIRA** puxeron fin á resistencia de Bosco dende o inicio do encontro. A tres xornadas para rematar a Liga, a posta a punto xa está en marcha

## +18

**ÚLTIMO CUARTO** pese a ter o encontro xa sentenciado, o Ensino competiu ao máximo ao longo dos corenta minutos e no último parcial as lucenses impuxéronse por un claro e contundente 8-26 co que demostraron que a relaxación xa non ten cabida esta tempada

| BOSCO 37 Xogadora | PTS. | ENSINO 70 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Losada | | Laura | 2 |
| Álvarez | | Natalia M. | 12 |
| González | | Eva | 9 |
| Rapela | | Alba | 8 |
| Pérez | | Carmen | 7 |
| Pérez | | Natalia G. | |
| Sotelo | | Elena | 3 |
| Salgado | | Paula | 2 |
| Carnero | | Matea | 14 |
| | | Maite | 13 |

A pouco máis dun mes para que se disputen os play off da Liga Galega júnior feminina, o Ensino parece que xa activou a súa versión máis fiable e competitiva.

O conxunto que dirixe Juan Nécega desprazouse a Ourense coa intención de mellorar as sensacións que deixou o último encontro en casa, e iso notouse do primeiro ao último minuto.



Juan Nécega e Rocío Vareala dando instruccións durante un tempo morto no Anexo

A posta en escena foi moi boa, co listón defensivo moi alto e con moitísimo ritmo en cada acción ofensiva. Todo iso viuse reflectido no marcador co 14-23 co que finalizou o primeiro cuarto.

**"TUVIMOS UN INICIO DE PARTIDO INTENSO Y ESO NOS PERMITIÓ MANEJAR EL ENCUENTRO Y LLEVAR LAS RIENDAS EN EL MARCADOR"**

**JUAN NÉCEGA** - Durán Maquinaria Ensino

Xa no segundo a defensa de Ensino secou por completo ás locais, deixando a Bosco en tan só 6 puntos nos segundos dez minutos para chegar ao descanso con 20-35 no marcador.

O terceiro cuarto foi o máis discreto, con pouca intensidade por parte de ambos equipos e cun tanteo moi baixo de empate a 9. O toque de atención desde o banquiño non se fixo esperar e aínda menos se fixo de rogar a reacción do equipo.

Nos últimos dez minutos, pese a ir gañando por 15 puntos, o Ensino púxose o mono de traballo e cun bo baloncesto arroiou a Bosco cun último parcial de 8-26 para deixar o marcador no definitivo 37-70 co que finalizou o encontro.

### Próxima xornada

O Durán Maquinaria Ensino recibirá no Anexo a Compañía de María antes de viaxar a Santiago na penúltima xornada desta fase para afrontar un test oficial ante Peleteiro, segundo clasificado, de cara aos play off. Para rematar, o conxunto que dirixe Juan Nécega despedirá a súa participación esta tempada na Liga Regular ante Colegio Mariano.

# Ensino chega ao derbi disposto a asaltar o liderado

**PLENO DE VITORIAS NA SEGUNDA FASE** tras impoñerse a Peleteiro en Santiago. Na próxima xornada reciben a Estudiantes nun duelo de invictos na segunda fase

| PELETEIRO 61 | ENSINO LUGO 77 | |
|---|---|---|
| Xogador | Xogador | PTS. |
| Alvarez | **Samuel** | |
| Foira | **Durán** | |
| Lope | **Garabito** | |
| Zás | **Ruano** | |
| Del Rio | **Martínez** | |
| Rodríguez | **Carreira** | |
| Riqueiro | **Juan Bao** | |
| Gil | **Alex Bao** | |
| Pouso | **Joel** | |
| Padrón | **Seny** | |
| | **Tchunza** | |

Ensino asaltou a pista de Peleteiro en Santiago de Compostela con moita autoridade. Os de Adrián González déronlle continuidade unha vez máis ao bo traballo semanal no encontro da xornada, e con iso manteñen o pleno de vitorias nesta segunda fase na que comparten primeiro posto con Estudiantes.

Ambos equipos mídense na próxima xornada polo que o mando da competición será para o vencedor.

**“EL TRABAJO DE LOS JUGADORES EN LAS ÚLTIMAS SEMANAS NOS AYUDA A JUGAR MUCHO MEJOR”**

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

Para chegar con estas opcións ao derbi, Ensino tivo que impoñerse a un Peleteiro que vendeu cara a derrota, pero que se viu superado polo estado de graza polo que atravesan os lucenses.

Nos primeiros minutos a mellor noticia era a facilidade para anotar. Aínda así, a defensa non era do todo fiable e o primeiro parcial pechouse con 17-18.

Ensino subiu o listón defensivo con moita intensidade nas primeiras liñas, pechou o rebote e con iso o equipo puido correr e xogar un baloncesto máis alegre que lle levou aos dez puntos de vantaxe ao descanso, 30-40.

**20:00**

**HORAS DO PRÓXIMO SÁBADO** disputarase o terceiro derbi capitalino da tempada. Nos dous primeiros da primeira fase cada equipo gañou un encontro. Este próximo, ten o aliciente do liderado en solitario para o gañador.

Ao comezo da segunda parte Peleteiro suscitou unha defensa zonal, pero Ensino atopou vías para anotar á vez que mantivo o listón defensivo alto e con iso a diferenza amplíouse ata os 15 puntos de cara aos últimos dez minutos, 50-65.

Co partido controlado Ensino, pese a non ter moito acerto no tiro no tramo final, non concedeu opcións a Peleteiro cunha gran defensa coa que pechou o encontro.



Ruano a piques de lanzar a canastra baixo o aro

# San Ciprián segue na busca da frescura do inicio de curso

**LONXE DO SEU MELLOR NIVEL,** os de Manolo Cobas caeron en Ferrol e na próxima xornada reciben, no primeiro encontro desta fase na Veiga, ao líder invicto, Obradoiro

| B. FERROL 76 | | SAN CIPRIÁN 51 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Rouco | | **Antón** | 14 |
| Ferreira | | **Manu** | |
| Bellas | | **Manuel** | 3 |
| Gómez | | **Mario** | 11 |
| Gil | | **Marcos** | |
| Castro | | **Hugo** | 13 |
| Valenciano | | **Dani** | |
| Lamas | | **Carlos** | 9 |
| Romero | | **Miguel** | 1 |

A carga de partidos e de sensacións está pasándolle factura a San Ciprián neste tramo de tempada. Os de Manolo Cobas, que empezaron o curso no verán coa fase de ascenso na que se gañaron un posto na Liga Galega cadete, continuaron cun nivel de esixencia moi alto ata meterse entre os oito mellores equipos de Galicia.

Ese esforzo físico e mental está pasando factura neste tramo de competición no que ademais o calendario non axuda, ao disputar os seus dous primeiros encontros a domicilio e debutar na terceira xornada en casa ante o gran favorito ao título galego, Obradoiro, que suma por vitorias todos os seus encontros esta tempada.

**“NOS ESTÁ FALTANDO LA CONFIANZA EN NUESTRO JUEGO QUE TUVIMOS AL INICIO DE TEMPORADA”**

MANOLO COBAS - Distribuciones Carreiras

En Ferrol as sensacións non foron boas desde os primeiros minutos, nos que a San Ciprián non lle acompañaron os seus signos de identidade como son a intensidade defensiva, o rebote e o acerto no tiro exterior.

Sen dominar estas facetas do xogo os mariñaos sofren, e ao descanso o 49-14 era unha reflexo diso.

Sen baixar os brazos pese a estar a 25 puntos de diferenza, San Ciprián mellorou na segunda parte ata que apareceron a carga de faltas persoais que descualificaron a Hugo de cara ao último cuarto e a Mario cando faltaban seis minutos, evitando deste xeito que os mariñaos puidesen maquillar o resultado final.

**16**

**PARTIDOS** e 16 vitorias suma Obradoiro, próximo rival dos de Manolo Cobas esta tempada. Os composteláns presentaranse na Veiga nun encontro no que San Ciprián terá moitísimo que gañar e nada que perder ante o gran favorito ao título de Galego



O xogadores mariñaos Diego, Marcos e Mario

## O apagón do Ribadeo na segunda parte prolongouse no tempo extra

**+16** ao descanso, 37-21, nun partido con dúas partes moi distintas

| RIBADEO 65 | | NOVOBASKET 69 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| **Iker** | 15 | Arroyo | |
| **Anxo** | 8 | Alonso | |
| **Cristian** | 9 | Pérez | |
| **Darío** | 10 | Rivas | |
| **Dani** | 2 | García | |
| **Manu** | 21 | Ruiz | |
| | | Currás | |
| | | Rosendo | |
| | | Clavijo | |
| | | González | |
| | | Prieto | |

**“DESENCANTO ES LA PALABRA QUE DEFINE UN PARTIDO QUE TUVIMOS EN NUESTRA MANO Y DEJAMOS ESCAPAR EN LA PRÓRROGA”**

SAMA - Ría de Ribadeo

A fatiga mental, máis que física, coa que chegou o Ría de Ribadeo, que volveu afrontar o un encontro de máxima esixencia con tan só seis xogadores, desencadeou nunha derrota inesperada cando os de Sama mandaban por claridade no marcador por 16 puntos ao final da primeira parte, 37-21.

Nos primeiros vinte minutos Ribadeo foi fiel ao seu estilo, con bo baloncesto co que correron ben ao contraataque e circularon con criterio o balón ata atopar posicións cómodas de tiro. A pesar de que neste encontro as porcentaxes de acerto no triplo non foron como noutras ocasións, o bo xogo guiou aos mariñaos nunha primeira parte na que someteron a Novobasket con senllos parciais de 14-10 e 23-11.

Na segunda parte as sensacións foron distintas. Ribadeo pecou de individualismo en ataque, e en defensa os visitantes dominaron o rebote ofensivo e foron recortando distancias ata chegar igualados ao final do encontro, no que conseguiron forzar a prórroga. No tempo extra Ribadeo chegou coa luz de reserva acendida e Novobasket tivo a cabeza máis fría nas posesións craves para culminar a remontada nun partido que Ribadeo tiña controlado nos primeiros vinte minutos de xogo.

# O Celta tivo que ofrecer a súa mellor versión para manter o pleno de vitorias

**ESTUDIANTES** estivo con opcións de triunfo ata os últimos minutos

| CELTA 67 | PTS. | ESTUDIANTES 53 | PTS. |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Galbán | | Lian | |
| Urdiales | | Iria | |
| Costas | | Celia | |
| Fiel | | Candela | |
| Vázquez | | Enma | |
| Castaño | | María | |
| Isorna | | Marta F. | |
| Aparicio | | Claudia | |
| Molinero | | Laura | |
| Mendoza | | Carla | |
| Carou | | Marta R. | |

**"CONTENTO CON LAS SENSACIONES QUE DEJÓ EL EQUIPO Y MUY ORGULLOSO DEL TRABAJO QUE REALIZARON LAS JUGADORAS"**
FERNÁN VARELA - Estudiantes

Estudiantes foi un dos poucos equipos que lle discutiu un triunfo esta tempada ao Celta de Vigo, que encadena 16 vitorias nos 16 encontros disputados no que vai de curso.

As lucenses presentáronse en Vigo con ausencias, pero coa intención de competir, e fixérono ao longo do partido tanto na pista como no marcador, obrigando ao adestrador local a solicitar un tempo morto no último cuarto cando Estudiantes amagaba coa remontada.

Ata entón Fernán Varela sorprendeu ao Celta suscitando unha defensa a toda pista cun ritmo de xogo alto, incomodando ao máximo a un equipo afeito a arroiar aos seus rivais.

O primeiro parcial pechouse cun axustado 12-8, mentres que no segundo o dominio no rebote ofensivo do Celta plasmouse no marcador cun segundo parcial de 22-13 para chegar ao descanso con 34-21.

A diferenza en torno aos 10-15 puntos no terceiro cuarto na pista do Celta sería sinónimo de baixar os brazos e encaixar unha derrota avultada. Con todo, Estudiantes optou pola vía máis complicada, continuou incidindo nas cousas que facía ben e tras poñerse a 10 puntos no último cuarto, obrigaron a solicitar un tempo morto ás locais para romper a dinámica que levaba Estudiantes cara á remontada.

# Estudiantes exhibiu a súa gama recursos no Anexo

**SEIS DO NADAL SUSCITOU UNHA DEFENSA EN ZONA** que os celestes derrubaron con bo baloncesto e acerto no tiro, anotando 34 puntos no segundo parcial



O celeste Lucas trata de saír da presión rival

| ESTUDIANTES 90 | PTS | SEIS NADAL 60 | PTS. |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Ndoye | 11 | Rodríguez | |
| Andrés | 10 | Sirvent | |
| Mikel | 16 | Falide | |
| Simón | 7 | Vázquez | |
| Álvaro | 20 | Tresandi | |
| Dani | 5 | Enríquez | |
| Óscar | 4 | Martín | |
| Lucas | | Capeda | |
| Cristian | 9 | Justel | |
| Rafa | 2 | Champeme | |
| Serguei | 2 | Romero | |
| Brais | 4 | | |



Ndoye presiona a un xogador visitante ante Javi Peinó

**"ROMPIMOS SU ZONA JUGANDO MUY BIEN Y SUBIMOS EL NIVEL DEFENSIVO ATRÁS EN LA SEGUNDA PARTE"**
JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma

Estudiantes segue mostrando a súa condición de campión do Grupo Norte aos equipos que competiron no Sur tras impoñerse a Peleteiro e nesta segunda xornada a Seis do Nadal, chegando á terceira rolda co primeiro posto en xogo ante Ensino nun derbi que se disputará o vindeiro sábado a partir das 20:00 horas no Anexo.

Os celestes exhibiron gama de recursos ante un Seis do Nadal que empezou o partido con moitísimo acerto e tomando o mando no marcador cun parcial inicial de 18-23, o que obrigou a unha reacción lucense que non se fixo de esperar.

No segundo cuarto Seis do Nadal intentou frear a remontada celeste cunha defensa zonal que Estudiantes tirou pola borda cunha boa lectura, bo baloncesto e sobre todo moitísimo acerto para darlle a volta ao marcador cun segundo parcial de 34-15.

Tralo descanso Estudiantes subiu o listón defensivo e secou a Seis do Nadal, que se quedou en 4 puntos no terceiro cuarto no que os lucenses sentenciaron o partido completamente.



Cristian a piques de finalizar unha entrada a canastra

# Ensino estrea a conta cunha vitoria de equipo en Vilagarcía

**A FORZA DO GRUPO APARECEU NOS PEORES MINUTOS** para manterse a flote e poñer fin ao intento de remontada local pese á falta de acerto das lucenses no tiro

| CORTEGADA 46 | PTS. | ENSINO 51 | PTS. |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Fernández | | Eva | 17 |
| Rodríguez | | Lorena | 8 |
| Pérez | | Paula | 12 |
| Ribadomar | | Silvia | |
| Portas | | Carla F. | |
| Barcía | | Lucía | 4 |
| Ríos | | Leyre | 2 |
| Diz | | Carolina | 2 |
| Cardalda | | Laura | 3 |
| Quintás | | Carla G. | 3 |
| Vidal | | | |

**"VICTORIA MUY TRABAJADA Y DE MUCHO MÉRITO. CUANDO NO SE ESTÁ ACERTADO EN ATAQUE HAY QUE SEGUIR CREYENDO EN LA DEFENSA COLECTIVA. A SEGUIR DISFRUTANDO DEL TRABAJO SEMANAL, CHICAS"** DAVID MARTÍNEZ /AIGOR ROMO - Ensino

O Cafés Candelas Ensino estreou a conta de vitorias na segunda fase tras impoñerse a Cortegada en Vilagarcía de Arousa nun encontro máis efectivo que vistoso pero do que as lucenses saen reforzadas como grupo.

A actitude foi moi boa desde os primeiros minutos nos que Ensino tomou as rendas do marcador cunha defensa sólida e con boa lectura do xogo en ataque, aínda que con porcentaxes de acerto moi baixas pese á boa circulación de balón e selección de tiros.

O primeiro parcial pechouse con 9-13 e a dinámica mantívose no segundo co mesmo tenteo, pero coa sensación de que o 18-26 co que se chegara ao descanso era unha renda moi pequena para o que se vira sobre a pista ao longo dos primeiros vinte minutos.

Cortegada viuse preto no marcador e cunha intensa posta en escena na segunda parte recortou distancias. Ensino, que continuaba con pouco acerto no tiro, apelou á forza do grupo para manterse á boia nos peores momentos do encontro, chegándose aos últimos dez minutos con máis 4 no marcador para as lucenses.

No último cuarto o intercambio de canastras foi unha constante con todo por decidir, pero cando máis se necesitaba, Ensino tivo calidade para anotar e manterse por diante no marcador ata o final dun partido moi disputado en Vilagarcía de Arousa.

**Próxima Xornada**

O Cafés Candelas Ensino recibirá no Anexo a Peleteiro, campión do Grupo Norte, e ante o que xa se enfrontaron en dúas ocasións as lucenses esta tempada.



A ensinista Lucía Moreno nun partido no Anexo

# Ensino representou ao balo

## O PRIMEIRO EQUIPO DO DURÁN MAQUINARIA VOLVEU A UNHA COPA D

infantil do club estivo presente na gran festa do básket feminino. Nesta ocasió

### A COMPETICIÓN

## O NOVENO POSTO SÁBELLE A POUCO A UN EQUIPO QUE SE VIU CON POTENCIAL DE LOITAR POR COTAS MOI ALTAS EN SALAMANCA

A participación do Durán Maquinaria Ensino na Minicopa 2020 tivo máis luces que sombras. Antes de iniciarse a competición o éxito da expedición lucense xa estaba asegurado ao aglutinar baixo o escudo do Ensino a un grupo formado por xogadoras de distintos equipos e distintas zonas de Galicia.

Todas elas se compenetraron á perfección dentro e fóra da pista, polo que chegada a hora de competir, as miras estaban altas. Tal vez máis altas do que poida indicar a simple vista o noveno posto final, xa que Ensino competiu para poder estar loitando ata polo podio.

Catro encontros xogaron as lucenses en Salamanca nos que asinaron dúas vitorias e dúas derrotas. Estas dúas últimas por tan só 3 e 5 puntos ante Tenerife e Gernika respectivamente, mentres que a Zamarat gañáronlle por KO e a Stadium Casablanca por 41 puntos de diferenza para rematar nun noveno posto que sabe a pouco.

**CLASIFICACIÓN** LIGA REGULAR B

| Equipo | X | G | P | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|
| LA LAGUNA TENERIFE | 3 | 3 | 0 | 121 | 79 |
| LOINTEK GERNIKA | 3 | 2 | 1 | 130 | 84 |
| **ENSINO LUGO** | **3** | **1** | **2** | **127** | **85** |
| CAJA RURAL ZAMARAT | 3 | 0 | 3 | 49 | 179 |

**XORNADA 1**

| LAGUNA TENERIFE | DURÁN ENSINO |
|---|---|
| 30 | 27 |

Os nervios típicos polo inicio da competición fixeron que Ensino tivese que remar contracorrente tras unha discreta posta en escena. Co paso dos minutos Ensino recuperou o tempo perdido e cun parcial de 0-11 deulle a volta ao marcador ata chegar ao descanso con vantaxe, 15-18.

Tralo terceiro periodo as forzas continuaron de poder a poder, chegando con 22-22 no marcador ao último parcial do encontro, no que a moeda caeu cruz para o Ensino nun desenlace final de encontro no que calquera dos dous equipos puido e mereceu gañar.

**XORNADA 2**

| LOINTEK GERNIKA | DURÁN ENSINO |
|---|---|
| 38 | 33 |

Se o debut foi de máxima igualdade, o segundo encontro non foi menos. Ensino mediuse cun gran Gernika, pero en ningún momento foi menos que o conxunto vasco en pista. Coa intensidade defensiva por bandeira Ensino estivo en partido ata o desenlace final, no que de novo a fortuna deulle as costas ao conxunto lucense, que caeu por un axustado 38-33.

**XORNADA 3**

| RURAL ZAMARAT | DURÁN ENSINO |
|---|---|
| 17 | 67 |

Ante Zamarat, e xa con dous partidos xogando xuntas todas as xogadoras, o Ensino empezou a axustarse e impúxose ás zamoranas con moita autoridade tra pecharse o marcador con 17-67 nun encontro con moitas rotacións.

**2**

**VITORIAS E DÚAS DERROTAS** Ensino foi de menos a máis na Minicopa, acusando os nervos e a falta de acople entre as xogadores nos primeiros partidos, pero exhibindo potencial co paso da competición

**POLO 9ª POSTO**

| CASABLANCA | DURÁN ENSINO |
|---|---|
| 23 | 64 |

Con moitas ganas de baloncesto e de seguir crecendo como equipo, o Ensino, malia quedarse fóra da loita polos primeiros postos, demostrou ante Stadium Casablanca que, de ter un pouco máis de acople e un pouco máis de fortuna nos dous axustados finais dos primeiros partidos, estaría en posición e con potencial de loitar polo máis alto nesta Minicopa 2020.



| DORSAL | NOME |
|---|---|
| 7 | SARA |
| 67 | CECILIA |
| 71 | CARMEN |
| 70 | ANA |
| 2 | EMMA |
| 46 | IDAIRA |
| 87 | IRENE |
| 49 | CARLA |
| 96 | SABELA |
| 48 | LUCÍA |
| 95 | NAROA |
| 39 | ANA |
| 97 | SOFÍA |



Ana vaise coa pelota por diante dunha rival



Sara trata de superar un dous para un



Emma coa pelota nunha acción de ataque



As xogadoras de Ensino e as do conxunto aragonés de Stadium Casablanca posando xuntas na pista xunto aos seus adestradores



O cadro ensinista celebrando unha vit

# ncesto galego na Minicopa

## DA RAIÑA TRAS 15 ANOS e por segunda tempada consecutiva un conxunto n, a Salamanca desprazouse un combinado de xogadoras de distintos equipos



**BALONCESTO GALEGO**

### DE NOVO, O ENSINO FOI O ÚNICO REPRESENTANTE GALEGO NA MINICOPA

O Ensino Lugo volveu representar ao baloncesto galego a nivel nacional. Por segunda tempada consecutiva o Durán Maquinaria é o único conxunto Autonómico na máxima categoria, polo que á Minicopa tan só acude o club lucense, que se quedou só na elite tralo descenso do Baxi Ferrol e o intento de ascenso fallido do Celta de Vigo.



O presidente do Ensino, Manuel Durán, posando co equipo da Minicopa

| APELIDOS |
|---|
| PEDREIRA GONZÁLEZ |
| DE JORGE OTERO |
| PORTELA MEDRAÑO |
| MOLEON HIDALGO |
| MÉNDEZ MARTÍNEZ |
| MARTÍNEZ FERNÁNDEZ |
| NOYA CATOIRA |
| NAYA ANGERIZ |
| CARRO IGLESIAS |
| PÉREZ LÓPEZ |
| MARTÍNEZ MARTÍNEZ |
| SALGADO VILA |
| VILLAR RODRÍGUEZ |

### CORPO TÉCNICO

DAVID PIÑEIRO | AMIR TABOADA




**"MUY CONTENTOS DE HABER COMPETIDO TODOS Y CADA UNO DE LOS PARTIDOS DISPUTADOS. ENHORABUENA A LAS CHICAS POR SU TRABAJO Y POR LA BUENA ACTITUD QUE TUVIERON TANTO DENTRO COMO FUERA DE LAS PISTAS"**






Emma recibindo as felicitacións das súas compañeiras tras ser sustituida



oria tras un encontro



Sofía Villar subindo un balón ante a presión dunha contraria



Carla Naya lanzando a canastra ante a oposición dunha rival

# Dá comezo a segunda fase Mini masculina

**SEIS EQUIPOS COMPETIRÁN POLO TÍTULO PROVINCIAL** ao longo de seis xornadas. CB Sarria, primeiro líder tras gañar a Cidade de Lugo

O conxunto sarriao, dirixido por Rubén Pernas, impúxose na primeira xornada aos capitalinos nun encontro igualado no que o acerto tralo descanso foi determinante. A renda de 10 puntos dos locais deulles tranquilidade pese a que Cidade, por momentos logrou recortar a vantaxe. Ao final, 54-45 para Cristo Rey CB Sarria, que lidera a táboa trala primeira xornada. CB Viveiro impúxose a Maristas 09 por 58-8, mentres que CB Burela fixo o propio ante Estudiantes Vermello, 24-74.

Na competición feminina Mª Auxiliadora lidera a táboa a falta de dúas xornadas para o fin da primeira fase. En Preminibasket masculino finalizou a primeira fase con CB Burela como campión. CB Sarria é líder no grupo feminino.



Eu Son Burela, campión da liga regular Premini Masculino



**PREMINIBASKET FEM.** María Auxiliadora - Afán Burela



Maristas - Eu Son Burela

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| María Aux. – M. Burela | 50-0 |
| Cidade Fingoi – Galén E. 09 | 61-23 |
| Franciscanos – Galén E. 08 | 60-9 |
| C. Sarria – M. Sarria | 24-50 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| M. AUXILIADORA | 12 | 11 | 1 | 0 | 647 | 365 |
| CIDADE-FINGOI | 12 | 9 | 3 | 0 | 624 | 345 |
| MADEIRA SARRIA | 12 | 9 | 3 | 0 | 657 | 413 |
| FRANCISCANOS | 12 | 8 | 4 | 0 | 661 | 408 |
| MARIPOSA BURELA | 12 | 5 | 7 | 0 | 459 | 514 |
| GALÉN ENSINO 09 | 11 | 3 | 8 | 0 | 373 | 587 |
| COSMOS SARRIA | 12 | 2 | 10 | 0 | 344 | 650 |
| GALÉN ENSINO 08 | 11 | 0 | 11 | 0 | 191 | 674 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cosmos Sarria - Mariposa Burela
Madeira Sarria - Franciscanos
Galén Ensino 08 - Cidade Fingoi
Galén Ensino 09 - María Aux.

## PREMINIBASKET FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – Est. Violeta | 21-49 |
| María Aux. – Afán Burela | 24-43 |
| Cidade – CB Viveiro | 32-34 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MGR C.B. SARRIA | 10 | 10 | 0 | 0 | 588 | 103 |
| CIDADE DE LUGO | 10 | 8 | 2 | 0 | 491 | 296 |
| EST. VIOLETA | 11 | 7 | 4 | 0 | 444 | 361 |
| AFAN BURELA | 11 | 6 | 5 | 0 | 371 | 454 |
| M. AUXILIADORA | 11 | 3 | 8 | 0 | 352 | 513 |
| CB VIVEIRO | 10 | 4 | 6 | 0 | 284 | 388 |
| FRANCISCANOS | 9 | 3 | 6 | 0 | 287 | 374 |
| GALÉN ENSINO | 10 | 0 | 10 | 0 | 206 | 534 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Galén Ensino
Afán Burela - Estudiantes Violeta
MGR Sarria - CB Viveiro

## MINIBASKET MASCULINO G-A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Viveiro – Maristas 09 | 58-8 |
| C. Sarria – CIdade | 54-45 |
| Est. Vermello – E. Burela | 24-74 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CRISTO C.B. SARRIA | 5 | 5 | 0 | 0 | 282 | 117 |
| ESP. BURELA | 5 | 5 | 0 | 0 | 384 | 220 |
| CB VIVEIRO | 5 | 2 | 3 | 0 | 261 | 280 |
| EST. VERMELLO | 5 | 2 | 3 | 0 | 221 | 247 |
| CIDADE DE LUGO | 5 | 1 | 4 | 0 | 277 | 331 |
| MARISTAS LUGO 09 | 5 | 0 | 5 | 0 | 81 | 311 |

